



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - mccm		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/98	GOB18I012V	
<div>5C5Y 3B6P 5T1G 2J3A 0098</div>		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA CATORCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

NON ASISTE:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 horas do catorce de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa-presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o secretario xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PRODEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA AXUDA COMPLEMENTARIA DA SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS CURSO 2023-2024.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da axuda complementaria da subvención concedida pola Consellería de Política Social e Xuventude, (Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica), para a gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, e puntos de atención a infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, con respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :

ANTECEDENTES:

O día 10-11-2023, recepciónase a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada única, a notificación da Resolución da solicitude de Subvención por parte da Consellería de Política Social e Xuventude, na que se resolve a concesión ao Concello de Narón de 199.507,15€, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal, ao abeiro da Orde de 10 de agosto de 2023 (DOG nº 164 de 30 de agosto de 2023),

Dita concesión, foi aceptada en Xunta de Goberno Local (GOB17I0XE), de data 30/11/2023.

Unha vez xustificada a subvención referenciada, en data 03/09/2024 o concello de Narón recibe unha notificación da Dirección Xeral de Familia e Dinamización Demográfica, trasladando a resolución pola que se modifica a axuda total concedida pola gratuidade da atención educativa. O importe desta axuda complementaria ascende a 39.550,67 €, incrementando a axuda correspondente ao curso 2023-2024, dado que no momento inicial da concesión era 116.707,15€, e na actualidade coa referenciada Resolución complementaria pasa a ser 156.257,82€.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións
- Públicas
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Orde de 10 de agosto de 2023 da Consellería de Política Social e Xuventude, publicada no DOG nº164 de 30 de agosto de 2023.
- Resolución da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude de 10/11/2023.
- Resolución de 23/10/2024 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se modifica a concesión inicial da axuda para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís para o curso 2023/24.
- Orzamento en vigor

En base ao anterior, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, informa a Alcaldía para que propoña a Xunta de Goberno Local:

1º Aceptar a axuda complementaria concedida pola Consellería de Política Social e Xuventude por importe de 39.550,67 €, para a gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3, e puntos de atención a infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24.

O desglose da axuda por importe por escolas infantís é o seguinte:

Escola infantil municipal da Gándara	15.865,61€
Escola infantil municipal da Solaina	10.451,28€
Escola infantil municipal de Piñeiros	13.233,78€

O desglose por anualidades é o seguinte:

ACHEGA DA CONSELLERÍA

APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2023	2024	Total
3230 22799	72.548,69	166.509,13	239.057,82€

ACHEGA DO CONCELLO

APLICACIÓN ECONÓMICA	ANO 2023	2024	Total
3230 22799	250.686,62	672.313,23	922.999,85

Subconcepto económico de ingreso: 45080''

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 04/11/2023 (ICO18I05HE) do Expediente SSO/2023/340, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO DURANTE A ANUALIDADE 2025.- Vista a proposta formulada que di así: O día 08-11-2024 a técnica de Normalización Lingüística elevou á Concelleira delegada de Política Lingüística o informe-proposta, co código ASI18I010V, do expediente ASI/2024/227, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2024

Logo de ver o anuncio do 16 de outubro de 2024, da Deputación da Coruña, polo que se establecen as bases da convocatoria de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos en 2025, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Política Lingüística que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Solicitar a subvención á Deputación da Coruña para financiar as retribucións do persoal técnico do servizo lingüístico durante a anualidade 2025, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	69.633,72 euros <ul style="list-style-type: none">• 9200-12000: 17.560,44• 9200-12006: 3.379,50• 9200-12100: 9.764,02• 9200-12101: 13.381,20• 9200-15000: 11.057,15• 9200-16000: 14.491,41
Achega do concello	49.633,72 euros
Contía da subvención solicitada	20.000 euros

Segundo.- No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención, toda vez que no orzamento do ano 2025 deberá dotarse o crédito necesario para facer fronte aos gastos de persoal nas correspondentes aplicacións orzamentarias, quedando condicionado á existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas dos ditos gastos.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria da devandita subvención.

Cuarto.- Facultar á señora alcaldesa-presidenta para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención.

Quinto.- O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 46109”

Logo de ver o informe proposta favorable dos servizos económicos do Concello, co código ICO18I00E3, esta concelleira delegada de Política Lingüística propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA XXV EDICIÓN DO OENACH ATLÁNTICO 2025 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.-

Vista a proposta formulada que di así: “Tomada razón o documento TUR18I00F8 do expediente TUR/2024/29, non obstante esta Intervención advirte, tal e como xa se puxera de manifesto nos anos 2022, 2023 e 2024, que as aplicación orzamentarias de imputación non son axeitadas á natureza do gasto en determinados casos. O documento TUR18I00F8, que literalmente transcrito di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	TUR/2024/29: Subvención para a promoción e difusión do XXV Oenach Atlántico 2025
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Solicitud de subvención

O pasado 14 de outubro de 2024 publicáronse no BOP nº 198 as bases reguladoras do programa de subvencións da Deputación da Coruña dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 complementadas coa publicación no BOP nº 200, do 16 de outubro de 2024, do extracto da convocatoria dese mesmo programa.

A efectos de acollerse a dita convocatoria, a Técnica de Promoción Económica e Programas de Cooperación elaborou con data 6/11/2024 o Plan de financiamento provisional para facer fronte aos gastos do proxecto (documento código TUR18I00EW).

Á vista do establecido no Proxecto Básico “ Promoción e difusión do Oenach Atlántico 2025” suscrito polo Animador Sociocultural do Padroado da Cultura do Concello de Narón o importe total do proxecto ascende a cantidade de 50.000,00 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Resolución da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidentencia delega na Xunta de Goberno

Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de (documento código TUR18I00EW). Logo da publicación da concesión definitiva da subvención, procederá a xeración do importe concedido nas aplicacións orzamentarias sinaladas en dito plan.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional para a “Subvención para a promoción e difusión do XXV Oenach Atlántico 2025” de acordo co establecido no informe adxunto de código TUR18I00EW e que aquí se amosa:

PROXECTO: SUBVENCIÓN PARA O APOIO E DIFUSIÓN DO XXV OENACH ATLÁNTICO 2025			
IMPORTE TOTAL			*50.000,00 €
<i>Fonte de Financiamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>		<i>Importe</i>
XUNTA DE GALICIA	4320.22609	Turismo-Actividades	**4.000,00 €
ABANCA	4320.22609	Turismo-Actividades	**1.500,00 €
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	4320.22799	Turismo-Outros traballos	**30.000,00 €
TOTAL FINANCIACIÓN EXTERNA			35.500,00 €
FONDOS PROPIOS	1320.22701	Policía Local-Seguridade privada	1.000,00 €
	4590.22799	Obras e servizos-Outros traballos	6.000,00€
	3340.22609	Cultura-Actividades	7.000,00€
	3380.22602	Festas-publicidade e propaganda	500,00€
TOTAL FONDOS PROPIOS			14.500,00 €
TOTAL			50.000,00 €

*Importe obtido do proxecto Básico elaborado polo Animador Sociocultural do Padroado da Cultura deste Concello.

**Previsión de importe de subvencións para o ano 2025. Estas subvencións están supeditadas a aprobación do presuposto municipal para o ano 2025 e a existencia d ecrédito adecuado e suficiente en cada unha das partidas tendo en conta os principios de estabilidade presupuestaria e financeira recollidos nas bases de execución de cada exercicio.

SEGUNDO: Solicitar da Excm. Deputación da Coruña a subvención para a financiación dos gastos do Proxecto “Promoción e difusión do XXV Oenach Atlántico 2025”, por importe de 30.000,00 euros.”

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.



V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4